



## PROPOSTA ORDENANZAS FISCAIS 2015 DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

**PRIMEIRA.-** Que, rexéndose polos mesmos criterios que se recollen na ordenanza reguladora para as bonificacións para familias numerosas, se estableza unha bonificación do 90% da cota íntegra do IBI para aquelas familias que teñan todos os membros no paro e esgotaran calquera tipo de prestación. Igualmente no caso das familias monoparentais cuns ingresos que non superen o IPREM, o trato dado pola Administración Local debe ser especial e levar a establecer bonificacións neste concepto impositivo co fin de minorar dalgunha maneira a difícil situación sufrida polos mesmos. Asemade, as familias con alomenos dous fillos e cos dous pais en paro tamén poidan ter o dereito de acollerse a devandita bonificación.

Pensando tamén na mocidade amesán, propomos unha bonificación do 75% da cota íntegra do IBI para todos os xóvenes independizados que acrediten estar en situación de desemprego.

As cifras do paro sitúan a Ames con máis de 2.000 persoas en situación de desemprego e o concello ten que estar apoiando os cidadáns e cidadás que, nun momento de extrema necesidade, poidan ver como a súas cargas fiscais sexan reducidas dunha maneira temporal.

**SEGUNDA.-** Bonificación de taxas por licenza de apertura de novos negocios. Proponse como medida temporal e transitoria bonificar até o 75% as taxas municipais derivadas da creación e establecemento de pequenas empresas no municipio durante os exercicios 2015, nas aperturas solicitadas por persoas demandantes do primeiro emprego antes da data da solicitude, as que procedan do subsidio do desemprego ou perciban algunha prestación ou axuda, os parados e as paradas de longa duración que se convertan en autónomos por medio do exercicio dunha actividade por conta propia, así mesmo das persoas menores de 30 anos co obxecto de fomentar a actividade empresarial liberando ao emprendedor das cargas iniciais derivadas do inicio da actividade.

**TERCEIRA.-** Solicitude de bonificacións sobre o imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO)

As porcentaxes de bonificación serán as seguintes:



Circunstancias de fomento da ocupación:

Bonificación do 30% da cota por construcións, instalacións e obras realizadas nos locais afectos ao exercicio dunha actividade económica da cal o suxeito pasivo é titular, cando conorra:

a) Que esta actividade se iniciase dentro dos dous anos anteriores á solicitude da licenza de obras ou urbanística, ou

b) que incrementase a media do seu persoal no municipio e nun 10% ou máis entre o exercicio anterior á solicitude da licenza e o precedente.

**CUARTA.-** Bonificación da cota do imposto de actividades económicas por incremento do persoal de traballadores

A bonificación é do 30% da cota.

Na aplicación da bonificación observaranse as regras seguintes:

1. Para o cálculo da media de incremento de persoal referido, tomaranse as persoas contratadas nos termos que dispoña a lexislación laboral.

2. O incremento de persoal con contrato indefinido hase de producir en relación aos seus centros de traballo en Ames

3. O número de contratos que hai que considerar para determinar o incremento vén referido polo número total de contratos indefinidos existentes no conxunto de actividades desenvolvidas en Ames. A bonificación aplicarase a todas as actividades desenvolvidas polo suxeito pasivo en Ames que tributen por cota municipal e o importe máximo de bonificación aplícase en relación a cada unha destas cotas.

4. O incremento da media calcularase da forma seguinte:

$$T = (T_f - T_i) * 100 / T_i$$



T= Taxa de incremento medio %

Tf= Número de traballadores con contrato indefinido (segundo punto 2 e 3), no período final comparado.

Ti= Número de traballadores con contrato indefinido (segundo punto 2 e 3), no período inicial comparado.

#### **QUINTA.-** Á Ordenanza do Imposto Sobre Bens Inmóbles (IBI).

Faise necesario tomar medidas que mobilicen o parque de vivenda baleira que hai en Ames, solicitamos que se dea cumprimento ao previsto no artigo 72.4 da Lei de Facendas Locais, de modo que aos inmóbles de uso residencial, a partir da terceira vivenda, que se atopen desocupados con carácter permanente, se lles aplique unha recarga do 50% da cota líquida do imposto.

A estes efectos entenderanse desocupados os inmóbles nos que se dean algunha das seguintes circunstancias:

a) Permanecer sen habitantes empadroados na data da devindicación do imposto no padrón de habitantes do municipio de Ames

b) Que non teñan consumo por contratos de subministración de enerxía eléctrica e auga.

A recarga esixirase aos suxeitos pasivos deste tributo e devindicarase o 31 de decembro, liquidándose anualmente unha vez constatada a desocupación do inmóble, xunto co acto administrativo polo que esta se declare.

Aqueles propietarios cuxa vivenda fora declarada desocupada por calquera dos dous supostos mencionados anteriormente poderán solicitar a retirada da devandita declaración presentando a xustificación se dispoñen dalgún plan público de aluguer de vivendas a nivel municipal, provincial, autonómico ou estatal



**SEXTA.-** Propomos unha bonificación do 25%, na cota íntegra do IBI para os contribuíntes que instalen nas súas vivendas e edificios sistemas para o aproveitamento da enerxía solar, coas condicións e polo tempo que se establecen na ordenanza.

A incorporación nas edificacións existentes deste tipo de instalacións, debe ser fomentada polas Administracións Públicas, para evitar o agravamento do proceso de cambio climático que fai necesario tomar medidas locais que faciliten o uso de enerxías renovables que fomenten o desenvolvemento sustentable.

**SÉTIMA.-** Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Propomos engadir unha nova bonificación do 75% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

Non se concederá esta bonificación cando a instalación destes sistemas de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

A bonificación prevista neste parágrafo aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que se refire o apartado primeiro deste artigo.

**OCTAVA.-** Incremento do 100% da taxa de ocupación de via pública por instalación de caixeiros automáticos das entidades financeiras.

**NOVENA.-** Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Propómos unha bonificación de ata o 75% daqueles vehículos de motor eléctrico, alimentados por baterías, e/ou emisións nulas e dun 60% para aqueles considerados híbridos coas condicións que se establezan na ordenanza. Desta maneira fomentase o uso de vehículos que sexan respetables co medio ambiente.

Esta bonificación na cota do imposto será durante os cinco períodos impositivos seguintes a da súa matriculación no caso de vehículos con motor eléctrico e tres nos híbridos.

**DÉCIMA.-** Baixada dun 10% da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreos situados en terreo de uso municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

**UNDÉCIMA.-** Aumento dun 1% da porcentaxe da cota básica global referida a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público local por empresas explotadoras de servizos de telefonía móvil.

**DÉCIMO SEGUNDA-** Nos programas de conciliación familiar tales como “Bos días cole” “Programas lúdicos” e o servizo de comedor escolar propomos una bonificación do 75% para as unidades familiares cunha renda igual ou inferior o 50% do IPREM anual e tamén para familias con menores con problemas de integración social, familias en risco de desestructuración familiar, pendentes de iniciar ou tendo iniciado o expediente de protección de menores ou casos de intervención socio familiar.

Consideramos que na actual situación de crise é indispensable que os nenos e nenas poidan asistir a estes tipos de programas sen que poidan verse afectados pola situación familiar.

En Ames a 10 de Novembro de 2014



José Miñones Conde

Voceiro Grupo Municipal Socialista